



## **Decreto relativo a suspensión das sesións do Pleno do Concello de Pontevedra e das súas Comisións informativas durante a situación de crise sanitaria**

A vista do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e tendo en conta a disposición adicional terceira do citado real decreto na que se contempla a suspensión de prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, esta Alcaldía, para salvagardar a seguridade de todos os empregados municipais e no uso das facultades de me confire o artigo 124.4.h da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e por razóns de extraordinaria e urxente necesidade DECRETO:

Primeiro: A suspensión da celebración das sesións do Pleno e das súas comisións informativas durante a vixencia do estado de alarma establecido no Real decreto 463/2020 e a situación de emerxencia sanitaria declarada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo: Notificar o presente decreto a todos os membros da corporación municipal, e facela pública no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal para xeral coñecemento.

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr. Alcalde, e Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da administración municipal

